
AXENDA CULTURAL

Facultade de Filoloxía e Tradución



Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: Elisa Calvet. Unsplash

Xuño 2021

Universidade Vigo

Facultade de Filoloxía e Tradución

AXENDA CULTURAL DA FFT
XUÑO 2021

3 DE XUÑO DE 16:30 A 20:00. Xornadas GÁLIX. *Desfacendo a Raia VI. A literatura infantil e xuvenil galega traducida*

Organizan: **GÁLIX – OEPLI – Ministerio de Educación, Cultura y Deporte**
Facultade de Filoloxía e Tradución – Universidade de Vigo
Interveñen: **Xosé. A. Perozo, Montse Pena, Ramón Nicolás, María Canosa, Francisco Castro, María Alonso Seisdedos, Raquel Senra, Lara Domínguez Araujo, Ana Luna Alonso, María Solar, Pilar Sampedro**



Streaming a través do directo 1 UVigoTV

https://tv.uvigo.es/live/5b60870c8f4208dd20625884

9 DE XUÑO ÁS 16:00. Xornada. *Experiencias profesionais do alumnado egresado en GTI (I)*

Organizan: **Ana Luna Alonso** e **Xoán Montero Domínguez**

Interveñen: **Manuel Arca Castro, Sergio Gómez Blanco, Ruth Layús, Ángela I. Sola Bravo**



A compañeira e o compañeiro do Departamento de Tradución e Lingüística organizan unha xornada en liña, aberto a todo o público, para dar a coñecer as experiencias profesionais do estudantado egresado no Grao de Tradución e Interpretación.

Campus remoto – Sala: Palacio de Congresos – Auditorio Principal

https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/928607699

Contrasinal estudantado: 6rAsLWyz

10 DE XUÑO ÁS 12:00. CONFERENCIA. *Internacionalización da literatura catalá a partir das feiras internacionais do libro*

Organizan: **Proxecto CULTURFIL da Universidade de Santiago de Compostela e o grupo de investigación BiFeGa-Bitraga da Universidade de Vigo**

Axuda: **Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria da UVigo**

A cargo de: **Jordi Jané Lligé da Universitat Autònoma de Barcelona**



O relatorio tratará sobre o impacto e as consecuencias que tivo a presenza da cultura catalá como convidada de honra na Feira do Libro de Frankfurt de 2007 na súa internacionalización. Ademais, abordaranse as políticas de difusión internacional da literatura e a cultura catalás do Institut Ramon Llul, así como a incentivación da tradución de autoras e autores cataláns (clásicos, modernos, literatura infantil, etc.).

Como exemplo, analizarase a proxección de dous autores contemporáneos: Joan Saes e a súa novela *Incerta glòria* (un clásico da literatura catalá do século XX) e María Barbal, Premi d´Honra de lles Lletres Cataláns do ano 2021.

Jordi Jané-Lligé é profesor do departamento de Filoloxía Inglesa e Xermanística da UAB desde do ano 2008 e profesor de alemán na Escola Oficial de Idiomas. Tamén é tradutor do alemán (traduciu autores como Elfriede Jelinek, Gerhard Meier, Andrea Maria Schenkel, Johanna Adorján, Charlotte Roche, Saša Stanisic e Iris Hanika) e os seus intereses de investigación céntranse na recepción e a tradución de literatura alemá, sobre todo no ámbito catalán, así como o impacto da Feira do Libro de Frankfurt.

Campus remoto – Sala: Salón de actos da F.F.T.

https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/3010424426

Contrasinal estudantado: EVUeyN8P

30 DE XUÑO – 2 DE XULLO. II COLOQUIO INTERNACIONAL UNIVERSIDADE DE VIGO – CENTRO CULTURAL PORTUGUÊS DO CAMÕES, I.P.

Estar em casa com Adília Lopes, do privado ao político

Organizan: **Burghard Baltrusch e Antía Monteagudo da Universidade de Vigo, Lúcia Evangelista e Bruno Ministro da Universidade do Porto, Joana Meirim da Universidade Católica Portuguesa de Lisboa**

Interveñen: **Ida Alves, Universidade Federal Fluminense, Brasil**
Pedro Eiras, Universidade do Porto, Portugal
Helena González Fernández, Universitat de Barcelona
Ana Paula Ferreira, University of Minnesota, EE.UU.
Rosa Maria Martelo, Universidade do Porto
Paulo de Medeiros University of Warwick, Reino Unido
José Tolentino de Mendonça, Biblioteca Apostólica Vaticana, Vaticano/Italia
Pedro Serra, Universidad de Salamanca
Carlos Mendes de Sousa | Universidade do Minho, Portugal



No panorama literario en lingua portuguesa, Adília Lopes asume un lugar destacado, aínda que non sexa, por fortuna, consensual. Nas últimas décadas, tanto a influencia significativa exercida sobre a literatura en lingua portuguesa como a recepción académica internacional confirman a relevancia da súa obra, xa traducida a diferentes linguas como o español, o alemán, o francés, o inglés ou o holandés.

Tratando case a totalidade das cuestións máis destacables da contemporaneidade, cuestións importantes na súa poesía— desde o feminismo, a ecoloxía, os debates entre especismo e anti-especismo, consumismo e anticonsumismo, culturalismo e anticulturalismo, capitalismo e economía neoliberal, as diferentes nocións de confinamento e desconfinamento — a obra adiliana constitúe un excelente punto de partida para rever criticamente a sociedade globalizada, as culturas e as estruturas económico-políticas de Occidente, marcadas por varias crises nos últimos tempos.

O coloquio terá lugar en formato principalmente virtual, con sede na cidade de Vigo, e as linguas serán o portugués, o español, o galego e o inglés.

Máis información e inscricións:: https://adilialopes.webs.uvigo.es/
Programa: https://adilialopes.webs.uvigo.es/programa/

ATA O 30 DE XULLO INSCRICIÓN AO «XXVII CERTAMEN LITERARIO DE LETRAS HISPÁNICAS DE LA UNIVERSIDAD DE SEVILLA "RAFAEL DE CÓZAR"» NAS MODALIDADES DE NOVELA, POESÍA E TEATRO .

Organiza: **Centro de Iniciativas Culturales de la Universidad de Sevilla (UCICUS)**



Bases e inscricións:

https://cicus.us.es/plandecultura2021_clhrc/